



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLAS QUE SE TRASLADA O PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO NOS CENTROS DOCENTES DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O fenómeno denominado acoso escolar, maltrato entre iguais ou *bullying* atopámolo presente en toda a historia, pero nos últimos anos adquire unha maior relevancia social.

A existencia dos conflitos esixe de todos, e particularmente do sistema educativo, unha aprendizaxe para a súa xestión e resolución, dentro dun marco de convivencia e cultura da paz.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, dedica integramente o Capítulo III do Título II á prevención e tratamento das situacións de acoso escolar.

O artigo 30 desta lei establece que o Goberno galego, a través dos departamentos competentes en materia educativa e de benestar, elaborará un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, coa indicación das previsións mínimas que deberá incorporar.

Neste mesmo artigo establécese a obrigatoriedade de que os centros educativos inclúan un protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar dentro o seu Plan de convivencia. O seguimento deste protocolo é preceptivo para os centros educativos e contribúe a organizar a intervención, concretando as fases e dimensións que se deben prever, proporcionando pautas de actuación ou orientacións en situacións nas que se require un procedemento sistemático para a identificación e resolución do problema.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dentro das súas competencias e co propósito de dar traslado do protocolo xeral e de facilitar a súa aplicación nos centros educativos, dita as seguintes instrucións:

Primeira. Obxecto do protocolo.

O protocolo que se presenta como anexo a estas instrucións ten por obxecto servir de marco de referencia para previr e abordar eficazmente as posibles situacións de acoso escolar en calquera das súas manifestacións.



Segunda. *Ámbito de aplicación do protocolo.*

Este protocolo será de aplicación en todos os centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira. *Carácter do protocolo.*

Este protocolo ten un carácter básico, e cada centro educativo pode adaptalo ou amplialo en función do seu contexto e as súas peculiaridades.

O seguimento dun protocolo estandarizado é prescriptivo para os centros educativos e ese protocolo debe incluírse no Plan de convivencia do centro.

Cuarta. *Estrutura do protocolo.*

Este protocolo básico de actuación presenta a seguinte estrutura:

- I) Introducción.
- II) Pautas para a identificación do acoso escolar: criterios, tipos e consecuencias.
- III) Protocolo de actuación.
 - Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.
 - Segunda fase. Recollida de información. Rexistro.
 - Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas.
 - Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro.
- IV) Estratexias de prevención: organizativas e de prevención no centro e de prevención na aula.
- V) Ciberacoso: definición, criterios de identificación, tipos, protocolo de actuación e estratexias preventivas.
- VI) Responsabilidade do centro: aspectos xurídicos e particularidades xurídicas do ciberacoso.



VII) Información de interese

VIII) Anexos.

Quinta. *Estratexias de prevención nos centros educativos.*

O documento ofrece un bloque de posibles estratexias de prevención que os centros educativos deberán seleccionar e poñer en práctica co obxecto de previr a aparición de situacións de acoso escolar ou mesmo doutras situacións contrarias á convivencia escolar.

Estas estratexias de prevención incluíranse no seu Plan de convivencia, así como nas súas normas de organización e funcionamento (NOF), dentro do marco do Proxecto Educativo, para favorecer a convivencia no centro.

Sexta. *Tratamento do ciberacoso.*

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido neste protocolo para o acoso escolar, con carácter xeral, considerando as particularidades propias das estratexias de prevención, da detección e da aplicación de medidas, ás que fai referencia especificamente o apartado así denominado do propio documento.

Sétima. *Aspectos procedimentais e xurídicos relevantes.*

Para acreditar a adecuada actuación dos responsables do centro educativo, resulta preciso a existencia e aplicación dun Plan de convivencia que estableza un procedemento de prevención e detección de acoso, de xeito que sexa posible asegurar non só a aplicación de mecanismos rápidos e eficaces paliativos de situacións de acoso ou ciberacoso, senón tamén da realización de accións preventivas.

As actuacións desenvolvidas polo centro, ante unha situación de acoso escolar ou ciberacoso, deberán permitir que se acredite unha intervención dilixente para evitar o dano, o que xustifica a importancia dun protocolo sistematizado. Esta sistematización permitirá documentar as actuacións, medidas e acordos adoptados.

O documento recolle ademais a normativa e aspectos xurídicos referidos á posible responsabilidade civil dos titulares do centro polos danos morais sufridos por un alumno ou unha alumna menor de idade.



Oitava. *Confidencialidade na aplicación do protocolo.*

En todas as actuacións derivadas da aplicación do protocolo deberá gardarse a reserva e o sixilo profesional adecuado, en especial sobre a información recollida e as circunstancias persoais dos alumnos ou alumnas.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2013.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,



Manuel Corredoira López